

CS Mantemento de equipo industrial

Ciclo formativo de grao superior

Perfil profesional

Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer? Programar e organizar a realización dos plans de mantemento de maquinaria e equipo industrial, partindo da documentación técnica. Coordinar e supervisar a execución dos procesos de mantemento e realizar a instalación en planta da maquinaria e equipo industrial e a posta a punto dos mesmos, optimizando os recursos humanos e medios dispoñibles, dándolles soporte necesario aos técnicos de nivel inferior e conseguindo os niveis de calidade e condicións de seguridade establecidas e de normalización vixente. Desenvolver proxectos de modificación ou de mellora da maquinaria a partir do anteprojecto, de acordo coas normas establecidas e garantindo a viabilidade da fabricación.

Onde se realiza o traballo? Enxeñaría planificación, programación, compras, execución e control de calidade e loxística de mantemento e reparación de maquinaria e equipo industrial; instalación e montaxe en planta de maquinaria e equipo industrial.

En que postos de traballo? Técnico en instalacións e montaxes de equipos industriais. Técnico en organización do mantemento.

Cales son os módulos deste ciclo?

Módulos	Horas
Calidade no mantemento e na montaxe de equipos e instalacións	90
Elementos de máquinas	80
Formación e orientación laboral	55
Formación en centros de traballo	380
Horas á disposición do centro	75
Montaxe e mantemento de sistemas automáticos de produción	165
Montaxe e mantemento do sistema mecánico	185
Montaxe e mantemento dos sistemas eléctrico e electrónico	185
Montaxe e mantemento dos sistemas hidráulico e pneumático	130
Plans de seguridade no mantemento e na montaxe de equipos e instalacións	55
Procesos e xestión do mantemento	110
Proxectos de modificación do equipo industrial	165
Relacións no contorno de traballo	55
Representación gráfica en maquinaria	110
Técnicas de fabricación para o mantemento e a montaxe	160

Que título se obtén? Técnico superior en mantemento de equipo industrial.

A que outros estudos se pode acceder? Diplomado en máquinas navais; Diplomado en navegación marítima; Diplomado en radioelectrónica naval; Enxeñeiro técnico aeronáutico; Enxeñeiro técnico agrícola; Enxeñeiro técnico de minas; Enxeñeiro técnico de obras públicas; Enxeñeiro técnico en deseño industrial; Enxeñeiro técnico en informática; Enxeñeiro técnico forestal; Enxeñeiro técnico industrial; Enxeñeiro técnico naval; Licenciado en física.